



ASUNTO: DECRETO LEVANTAMENSO SUSPENSIÓN TRANSPORTE URBANO

DECRETO

Con data 13 de marzo do 2020 por decreto da Alcaldía acordouse suspender o contrato do “Servizo de xestión integral do servizo público municipal de transporte urbano colectivo de viaxeiros no Concello de Monforte” e, en consecuencia, deixando de prestarse o servizo do transporte público de viaxeiros dende as 00.00 horas do día 14 de marzo.

No Boletín Oficial do Estado de data 3 de maio publicouse unha orde TMA/384/2020, pola que se ditan instrucións sobre a utilización de mascarillas nos distintos medios de transporte e se fixan requisitos para garantir unha mobilidade segura de conformidade co plan para a transición cara a nova normalidade.

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Levantar a suspensión da prestación do Servizo Municipal de Transporte urbano dende o día 11 de maio do 2020.

Segundo.- Determinar as seguintes medidas para a realización do servizo:

-O uso de mascarillas que cubran o nariz e a boca será obrigatorio para todos os usuarios do transporte de autobús urbano.

-Os traballadores dos Servizos de transporte que teñan contacto directo cos viaxeiros deberán ir provistos de mascarillas e ter acceso ás solución hidroalcohólicas para practicar unha hixiene de mans frecuente.

-Procurarase a máxima separación posible entre os viaxeiros, de tal maneira que non poderán ser ocupados máis da metade das prazas disponibles respecto do máximo permitido, eliminando as prazas de pé.

-Sendo as filas dos autobuses de 3 asentos, unicamente poderán ser ocupadas deixando un asento libre entre os usuarios, utilizando as prazas dos extremos, poderán ter unha ocupación máxima de dous usuarios por fila de asentos, respectando en calquera caso as limitacións sinaladas nos puntos anteriores.

-En todo caso, nos autobuses se manterá sempre vacía a fila posterior á butaca ocupada polo conductor.

Terceiro.-Dar traslado do presente decreto ao concesionario do servizo e á Intervención municipal.

O ALCALDE

O SECRETARIO

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40004FAB300X3R8H1W7Y7O9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 06/05/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 06/05/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/05/2020 12:18:19

DECRETO: 2020000627
Fecha: 06/05/2020
Hora: 12:18
Persona 76561868C





Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 06/05/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 06/05/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/05/2020 12:18:19

DECRETO: 2020000627
Fecha: 06/05/2020
Hora: 12:18
Persona 76561868C

